



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A IMPARTICIÓN POR PARTE DESTA ENTIDADE DA FORMACIÓN PEDAGÓXICA E DIDÁCTICA PARA IMPARTIR DOCENCIA NAS ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Eu, como director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación,
Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARO:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue desde o día seguinte da súa sinatura e estará vixente durante 4 anos desde esa data, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha notificación á outra con dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Organizar o recoñecemento e certificación dos estudos ofertados por parte da USC para impartir a formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida na LOE, para aquelas persoas que por razóns derivadas da súa titulación non poidan acceder aos estudos de máster regulados pola Orde ECI/3858/2007, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor, entre outras, de formación profesional, nos centros sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

I. A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) establece que para impartir ensinanzas de formación profesional se esixirán os mesmos requisitos de titulación e formación establecidos para a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, é dicir, será necesario ter o título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou o título de grao equivalente, ademais da formación pedagóxica e didáctica de nivel de posgrao, de acordo co disposto no artigo 100 da citada lei, sen prexuízo da habilitación doutras titulacións que, para efectos de docencia puidese establecer o Goberno para determinados módulos, logo de consulta ás comunidades autónomas. Establece, así mesmo, que para exercer a docencia nas diferentes ensinanzas reguladas nela, será necesario estar en posesión das titulacións académicas correspondentes e ter a formación pedagóxica e didáctica que o Goberno estableza para cada ensinanza, e que lles corresponde ás administracións educativas establecer os convenios oportunos coas universidades para a organización da formación pedagóxica e didáctica indicada.

A Consellería pretende que aquelas persoas que posúan unha titulación declarada equivalente para efectos de docencia e non poidan acceder aos estudos de máster regulados pola Orde ECI/3858/2007 poidan realizar o curso obxecto deste convenio para poder impartir docencia en formación profesional nos termos previstos na normativa vixente.

Pola súa parte, a USC imparte un título propio denominado *Curso de formación continua en formación pedagóxica e didáctica do profesorado especialista en sectores singulares da formación profesional*, aprobado polo Consello de Goberno da USC con data 25 de xuño de 2024, que se axusta integramente ao programa recollido na Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

